

Artigo do Dr. Xosé M^a Dios Diz, Médico especialista de AP de Outes.

POR QUÉ NOS MANIFESTAMOS O 14 DE NOVEMBRO DO 2021.

“SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA. NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA”

Dende a **Plataforma SOS Sanidade Pública da Galiza**, convocamos á manifestarnos, na Alameda de Compostela, o domingo día 14 de novembro, as 12 h.

Os motivos para saír a rúa, son dicirle ao sr. Feijoo que con esta política sanitaria **de desmantelamento**, só se provoca morbilidade e mortalidade por afeccións que podían evitarse de ter un Sistema Sanitario Público ben dotado, tanto de persoal como de infraestructuras. Si dende a administración sanitaria dín “que van construír 50 Centros de Saúde nesta lexislatura”, a pregunta do millón é preguntarlles con que persoal os van dotar? Si dín que non teñen Médicxs para os Centros que temos na actualidade, con quen se dotarán os do futuro? É a política de dicir que van facer, sin facer nada (recordemos as Residencias que dixo que faría a administración do PP: “en cada capital de Área Sanitaria”: e seguimos esperando pola primeira!

Levamos 12 anos de gobernos do PP (con 4 conselleirxs de sanidade) e un mesmo “administrador” do Sistema, que nos levou a unha política baseada nos **recortes** e no **desmantelamento** da Sanidade Pública. **Esto ten un claro responsable: Feijoo.**

Xubilación de profesionais, contratacións en precario, falta de substitutxs nas consultas, peche de Centros, soldos de miseria para carreiras que costa moito esforzo conseguir, etc. fomentan **a marcha de traballadorxs a outros servizos de saúde**, que prestixen aos traballadorxs e a profesión sanitaria (e non gastan un peso en formalxs) sen que a Consellaría de Sanidade tome medidas. No ano 2022, teremos **menos orzamento que no 2009**. Retiráronse as Xerencias de AP. Elimináronse Áreas Sanitarias. Desapareceu a Participación Cidadá ca **non posta en marcha** dos Consellos de Saúde de Área e o Consello de Saúde de Galiza. Néganse a incorporar novxs profesionais, para garantir unha **AP integral: Psicólogos Clínicxs, Terapeutas Ocupacionais, Fisioterapeutas**, etc. Xestionan a sanidade con titulares de prensa e co “imos facer”...

A poboación galega e xs profesionais, son xs que sofren as graves consecuencias desta situación, cun **gobierno galego que segue sen escoitar**, e sen tomar medidas efectivas para modificar esta situación. **As conclusións do Consello Técnico de AP siguen sin aplicarse**, pero sí: a administración invirte en ordenadores, impresoras, e agora en pintar e renovar Centros de Saúde: todo importante, pero sempre menos que **dotar de persoal aos Centros** que teñen as súas consultas masificadas, con 40-50 persoas diarias, algo que queima aos profesionais e non permite unha calidade asistencial axeitada.

Temos que parar isto e dicir NON: ás colas na rúa para acceder aos Centros de Saúde. **Non**, a ter que realizar múltiples chamadas telefónicas para conectarse co Centro. **Non** as listas de agarda de días ou semáns, incompatibles coa AP, que **colapsan os PACs e as urxencias hospitalarias e favorecen a privatización**. **Non** ao peche dos Centros de Saúde Periféricos, que discrimina á poboación do rural, que xa ten a molestia da dispersión e que ademáis está envellecida, cos problemas de mobilidade e o **Non uso das técnicas modernas**. **Non** á consulta telefónica e telemática como eixo da asistencia, **en detrimento da presencial**. **Non** ao recorte de persoal e a situación de inestabilidade e precariedade laboral nos Centros. As persoas que usamos a Sanidade Real, temos que poder dicirle ao sr. Feijoo como está de verdade a asistencia sanitaria...

É inaceptable que moitxs enfermxs **teñan que recorrer ao sistema privado** para recibir atención. É necesario **recuperar a atención integral**, a promoción, a prevención, a rehabilitación e o traballo comunitario.

É imprescindible ter un orzamento finalista para a AP, que supoña o 25% do orzamento sanitario. Ter máis persoal e un Novo Modelo de Atención Primaria digno, integral, accesible e de calidade.

Por todo o exposto, teremos a Manifestación o día 14 de novembro, ás 12 h. na Alameda de Compostela. Acude!